

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

No CEIP Pintor Antonio Fernández contamos coa etapa da Educación Infantil e Primaria polo que partiremos do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. En ambas etapas educativas aproveitaremos ao máximo os recursos e situacións de aprendizaxe que nos ofrece a nosa contorna, como poden ser: o espazo natural no que está ubicado o noso centro, a variedade de artistas que ten a nosa parroquia (escritores, pintores, escultores...), familias dispostas a participar na educación dos rapaces e rapazas....

Na Educación Infantil presentaranse os obxectivos de xeito aberto e globalizados tratando a súa consecución a través dos diferentes ambientes de traballo. O coñecemento propio é un proceso permanente e continuo na vida das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes. Estas comprenden aspectos tan importantes como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade, a convivencia cos outros.... Preténdese que descubran coñezan e comprendan -segundo as súas posibilidades- os aspectos que conforman a realidade, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de ir construíndo un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado. O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente. É importante que a nena e o neno, ademais de identificar os distintos elementos que conforman o medio, vaian descubrindo e comprendendo progresivamente as relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos. En síntese, preténdese favorecer o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o contorno do alumnado facilitando a súa inserción participativa e potenciando a súa competencia matemática. Estas aprendizaxes levaranse a cabo na interacción constante das nenas e dos nenos co contorno social e natural, polo que é necesario abrir a escola ao medio nun ambiente educativo que estimule a súa curiosidade, incluíndo a participación das familias. A comunicación nas súas diversas manifestacións implica a capacidade de producir, recibir e interpretar mensaxes. Ao fomentar a aprendizaxe das diversas formas de comunicación e expresión, outorgaráselles ás nenas e aos nenos a oportunidade de manifestar os seus sentimentos, emocións e ideas con maior elaboración e riqueza de matices. O propósito é contribuír a mellorar a relación entre o alumnado e o medio, xa que será a través das distintas formas de comunicación e representación como a nena e o neno establezan relacións co resto das persoas.

Nas sesións de Psicomotricidade: preténdese que os nenos e nenas descubran o seu corpo de forma global e as súas posibilidades de acción e movemento. Trátase de potenciar o proceso de construción persoal a través das interaccións entre o alumnado, o crecente control motor, o desenvolvemento emocional, o descubrimento das súas posibilidades e limitacións, a conquista da autonomía e o proceso de diferenciación dos demais.

Na Educación Primaria adecuaremos os obxectivos a nosa realidade, contemplaremos:

No Obxectivo a: Coñecer e respectar as normas de convivencia dos diferentes espazos do centro. Na aula estableceranse as normas de convivencia de xeito democrático.

Obxectivo b: Desenvolver tarefas regulares e significativas para o alumnado, de xeito individual e de equipo. Potenciar o sentido crítico, a confianza en si mesmo e a curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe a través do traballo diario no que terán que asumir as responsabilidades que lles correspondan.

Obxectivo c: Adquirir estratexias para a resolución de conflitos e a prevención da violencia.

Obxectivo d: Coñecer e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas. Enriquecernos das diferenzas das persoas fomentando a igualdade de dereitos e oportunidades.

Obxectivo e: Fomentar un dominio progresivo e correcto uso das dúas linguas oficiais. Fomentar a lectura como parte da nosa práctica diaria.

Obxectivo f: Adquirir competencia comunicativa básica nunha lingua estranxeira.

Obxectivo g: Desenvolver contidos matemáticos básicos. Iniciarse na resolución de problemas que requiran empregar o cálculo, coñecementos xeométricos, estimacións.... a través de propostas de tarefas, deseño de proxectos e participación en obradoiros que requiran estes coñecementos.

Obxectivo h: Coñecer aspectos fundamentais das ciencias a través da contorna.

Obxectivo i: Desenvolver as competencias tecnolóxicas a través do uso de diferentes dispositivos: ordenador, tablet, pizarra dixital, cámara de fotos...

Obxectivo j: Empregar diferentes expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Obxectivo k: Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas. Respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Obxectivo l: Coñecer e valorar os seres vivos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado. Levarase a cabo a través das ciencias e da propia experiencia do alumnado coas mascotas.

Obxectivo m: Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións

cos demais.

Obxectivo n: Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respetos que incidan na prevención dos accidentes. Fomentar o uso do camiño escolar seguro á escola.

Obxectivo ñ: Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

Os obxectivos xerais que a lei vixente marca en cada unha das dúas etapas presentes na escola realizarase tendo presentes a idiosincrasia que temos como comunidade escolar: profesorado, alumnado, familias, entorno, relación co entorno, caracterísitcas socioeconómicas, miradas e procesos de xestión entre adultos e infancia, etc. Neste sentido aplicarase o avance e consecución dos obxectivos propostos polo marco curricular unha perspectiva pedagóxica e metodolóxica que incida no valor único e integral do alumnado e no seu desenvolvemento interdisciplinar. Do mesmo xeito actuarase para canalizar os obxectivos xerais de etapa dentro do proxecto educativo de centro atendendo de maneira especial á capacitación e formación do profesorado que conforma o claustro de mestras e mestres do CEIP Pintor Antonio Fernández.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Na Educación Infantil será o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias na adquisición das competencias clave para o aprendizaxe permanente. Ao longo da súa escolarización prepararase ao alumnado para afrontar con éxito os principais retos do século XXI: planificar hábitos de vida saudables, protexer o ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. A resposta a estes e a outros desafíos, entre os que existe unha absoluta interdependencia, necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes subxacentes ás competencias clave e serán abordados de maneira global desde todas as áreas que conforman esta etapa.

Na Educación Primaria a contribución á adquisición das competencias clave caracterizarase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque debe incorporar compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. Neste sentido, dende o centro impulsarase o deseño e desenvolvemento de proxectos significativos ou tarefas interdisciplinares, na que o alumnado desenvolva varias competencias, á vez, e sempre que sexa posible buscarase un produto final, social e relevante. A organización do centro e da práctica educativa é favorecedora do traballo e adquisición de todas as competencias xa que se levarán a cabo de xeito aberto, individualizado e por centrarse nos procesos e non nos resultados, adquirindo deste xeito unha bagaxe moito máis ampla, e un repertorio de ferramentas para a vida extensa e variada, que engloba o traballo para cada unha das competencias clave.

CCL-Competencia en comunicación lingüística: Empregaremos a lingua galega como vehicular habitual no centro, e cun reparto equilibrado nas áreas e/ou materias con relación a lingua castelá, garantindo un nivel competencial axeitado nas dúas linguas.

CP-Competencia plurilingüe: Potenciarase o achegamento e aprendizaxe dunha terceira lingua, o Inglés, a través da materia específica e da área de Expresión Plástica e Visual nos cursos de 5º de primaria. Contarase coa persoa auxiliar de conversa para reforzar as habilidades comunicativas nesta lingua.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: Fomentarémola a través de obradoiros nas diferentes áreas/materias nas respectivas etapas educativas. Dende a biblioteca cóntase con bibliografía específica de ciencias.

CD-Competencia dixital: somos un centro EDIXGAL polo que o alumnado de terceiro ciclo realiza a maior parte da súa aprendizaxe a través de recursos dixitais. O resto do alumnado conta con equipamento dixital (ordenadores, tablets, cámaras de fotos...) para poder empregar cando sexa preciso.

CPsAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender: Fomentarse unha contorna favorable ás relacións interpersoais a través de materiais diversos na aula, no patio, nos rincóns, nos recursos da biblioteca, e na organización de aspectos relacionados coa convivencia.

CC-Competencia cidadá: Nas áreas instrumentais e na de Ciencias sociais, así como de xeito transversal, traballarase o coñecemento das realidades sociais na contorna e no mundo, as razóns e as consecuencias de distintos eventos

sociais que faciliten unha reflexión sobre eles e da opinión propia.

CE-Competencia emprendedora: Potenciaremos esta competencia fomentando situacións de aprendizaxe que requiran a toma de decisións por parte do alumnado.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais: Nas dúas etapas educativas que temos neste centro, encamiñaremos ao alumnado ao coñecemento de diferentes formas de entender a cultura, a partir da propia identidade e da dos compañeiros.

Capacidades para avaliación do alumnado. Todas as capacidades nomeadas a continuación, serán valoradas coa seguinte gradación: con dificultade, sen dificultade e en proceso.

Capacidades acordadas para o 1º Ciclo

1. Respecta o material, as instalacións e o contorno escolar.
2. Cumpre coas normas de convivencia.
3. Sabe estar en diferentes contextos.
4. Presenta escoita activa.
5. Presenta as tarefas a tempo.
6. Remata e se implica nas súas tarefas.
7. Ten unha actitude positiva respecto ao traballo.
8. Ten boa relación e respecta aos seus compañeiros/as e mestres/as.

Capacidades acordadas para o 2º Ciclo

1. Presenta limpeza e orde.
2. Pon en práctica as habilidades sociais.
3. Mostra atención e escoita respectuosa.
4. Presenta traballo autónomo e responsable, e remata as tarefas.
5. Coida aos compañeiros e ao profesorado.
6. Coida o material, as instalacións e o contorno.
7. Participa activamente.
8. Coopera e axuda aos demais

Capacidades acordadas para o 3º Ciclo

1. Desenvolve hábitos de traballo individuais.
2. É quen de traballar dun xeito cooperativo.
3. Amosa unha actitude respectuosa de cara aos demais.
4. Implícase na conservación e coidado da súa contorna.
5. Desenvolve diferentes estratexias para resolver as tarefas.
6. Amosa iniciativa na proposta de actividades.
7. Mostra unha actitude mediadora na resolución dos conflitos.
8. Procura axuda tanto académica como socioafectiva dos demais.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os principios pedagóxicos empregados serán os mais axeitados para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 (ODS). Promoveremos e facilitaremos a construción de aprendizaxes significativas programando actividades que propicien a organización do coñecemento existente no alumnado para que posibiliten a reelaboración da súa experiencia e a construción de novos coñecementos. Traballarase partindo da realidade e das concepcións previas a través de Proxectos, Tarefas e Unidades Didácticas Integradas que se desenvolverán arredor dos distintos contidos transversais, así como as celebracións de distintas conmemoracións, quedando así estes completamente integrados en todas as áreas do currículo.

No ciclo da educación infantil, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Tamén se incluírá a educación en valores. Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomenten uns hábitos saudables. Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnhas das áreas da etapa de primaria, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a

igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente

c.1) Tempo de lectura e práctica da oratoria

Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos

O centro habilitou zonas específicas en cada aula destinadas á lectura, coa finalidade de mellorar o ambiente educativo e potenciar o gusto pola lectura entre o alumnado. Educación Infantil Establécese unha franxa diaria de 20 minutos dedicada á lectura, integrada na rutina da aula. Priorízanse textos visuais, narrativos breves e materiais manipulativos, adaptados ao desenvolvemento lingüístico do alumnado. A lectura realízase en ambientes tranquilos, favorecendo a imitación do modelo lector do profesorado e o descubrimento espontáneo dos libros. A oratoria introdúcese mediante asambleas, recitados, contacontos, dramatizacións e conversas guiadas, centradas na expresión oral básica e na escoita activa. Educación Primaria Dedícanse 20 minutos diarios obrigatorios ao tempo de lectura, preferentemente tras o recreo. Utilízanse textos de ficción, non ficción e informativos, en formatos variados (libros, artigos, revistas, recursos dixitais). Cada estudante le ao seu ritmo, garantindo equidade no acceso aos materiais e respectando intereses e niveis lectores. A oratoria intégrase en todas as áreas mediante exposicións breves, debates, lecturas en voz alta, presentacións de traballos e actividades comunicativas vinculadas aos proxectos de aula. Traballárase de forma progresiva a claridade, a entoación, a postura corporal, a escoita activa e o respecto ás quendas de palabra. Promoverase un clima de aula que favoreza a participación segura, evitando situacións de presión ou ridiculización. A oratoria vincularase aos proxectos e tarefas das diferentes áreas, garantindo a súa transversalidade. As áreas lingüísticas reforzan a comprensión lectora e a expresión oral, mentres que as áreas non lingüísticas incorporan a lectura como ferramenta transversal para a aprendizaxe.

Estratexias para a organización, coordinación e mediación do "Tempo de lectura"

Organización interna O tempo de lectura establécese como práctica diaria e estable, integrada no horario de cada grupo. O profesorado garante un clima motivador, tranquilo e libre de xuízos, favorecendo a concentración e o disfrute lector. Selecciónanse materiais variados e accesibles, asegurando que todo o alumnado dispoña de recursos adecuados ao seu nivel. A biblioteca escolar colabora na provisión de fondos, recomendacións e actividades de dinamización. **Coordinación docente** Os equipos docentes de ciclo e etapa acordarán criterios comúns sobre selección de textos, metodoloxía e avaliación formativa da competencia lectora, para asegurar coherencia entre ciclos. A lectura intégrase de forma transversal en todas as áreas, garantindo coherencia entre materias e continuidade entre etapas. Favorecerase a coordinación coa biblioteca escolar e cos programas de fomento da lectura e da comunicación lingüística. **Mediación lectora** O profesorado actúa como modelo lector, lendo tamén (libros físicos) durante a franxa ou acompañando activamente ao alumnado. Promóvese a figura do alumnado mediador en actividades como recomendacións lectoras, intercambio de libros ou lecturas compartidas. Favorecese a participación das familias mediante propostas de lectura na casa, préstamos da biblioteca e actividades conxuntas. **Inclusión e equidade** A franxa diaria funciona como mecanismo de compensación das desigualdades, garantindo acceso universal á lectura. Adáptanse materiais, tempos e apoios para alumnado con necesidades específicas. Respéctanse ritmos, intereses e estilos lectores, evitando comparacións ou presións. Seguimento e mellora continua O claustro revisará anualmente estas estratexias para axustalas ás necesidades do alumnado e aos obxectivos do centro. Recolleranse evidencias cualitativas (observacións, participación, motivación) e cuantitativas (progresos na comprensión lectora) para orientar a toma de decisións.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A finalidade da práctica educativa na educación infantil, de acordo coas autoras Ángeles e Isabel Abelleira, será:

- Que descubran aos outros
- Que aprendan a manifestar os seus afectos
- Que conecten coa natureza
- Que gocen coa arte
- Que valoren as pequenas cousas
- Que xoguen e se divirtan
- Que usen a lóxica matemática para a vida
- Que se acheguen ao pensamento científico e a sabedoría popular
- Que admiren a beleza do cotián
- Que esperten os sentidos
- Que solten a lingua
- Que celebren a vida
- Que aprendan a gardar recordos fermosos
- Que descubran a contorna
- Que se inicien no amor polos libros e a lectura

Para acadar estes principios básicos mencionados teranse en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

1. A metodoloxía didáctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas entendémolas como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionadas entre si, polo a fórmula educativa promoverá a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, e os principios pedagóxicos regulados no artigo 15 do dito decreto.

2. Fomentaremos o desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as observacións xerais do seu comité.

3. De igual modo, sen que resulte exixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical, e en calquera outra que a consellería con competencias en materia de educación determine.

4. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos materiais educativos.

5. Fomentarase unha primeira aproximación á lingua estranxeira. Para garantir a continuidade e facilitar a transición entre ambas etapas, na Educación Primaria, o enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así o alumnado aumentará a súa confianza e perseveranza co obxectivo de xestionar os momentos de bloqueo e estrés que aparezan cunha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. O profesorado será mediador e guía permitindo ao alumnado explorar, investigar e interaccionar coas compañeiras e compañeiros, así como o enfrontamento cos retos sen ansiedade. Na área de Lingua Castelá traballarase con unha Parella Pedagóxica para unha mellor intervención nas aulas. Ao mesmo tempo, facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe, e porase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas. Fomentarase a integración das competencias dedicando un tempo do horario lectivo, á realización de tarefas, actividades ou proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Mais aló da planificación dos tempos, espazos, agrupamento e outros recursos iniciais, o profesorado adaptará cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar,

contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas partindo das aprendizaxes e coñecementos previos de todo o alumnado. Daráselle moita importancia a ir fixando hábitos de traballo, fundamentais ao longo de toda a etapa e tendo en conta o momento evolutivo do alumnado.

A aula dotarase de espazos onde se poidan realizar exposicións e gardar os materiais necesarios e accesibles. En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunitcativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara novas aprendizaxes. Fomentarase o traballo en equipo organizándoos dun xeito heteroxéneo, mixto e diverso. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo. Desenvolveranse estruturas cooperativas como o 1-2-4, folio xiratorio, lecturas compartidas, etc. asignando cargos que se valorarán posteriormente a través do plan de grupo ou caderno de equipo. A implicación das familias resulta un aspecto fundamental para favorecer a aprendizaxe dos nenos e nenas coa súa participación e colaboración nas distintas fases e actividades do proceso de ensino aprendizaxe (obradoiros lectores, saídas educativas, AFA...)

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos empregados serán

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos os cales son de vital importancia para o desenvolvemento integral do alumnado, como son as familias, o persoal auxiliar coidador, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que colaboren no proceso educativo.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS e AUDIOVISUAIS: ordenadores, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, , Chroma..

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais,, kahoot para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros entornos virtuais de aprendizaxe (EVA), aplicacións para realizar actividades como Kahoot ou plickers, emprego de correo electrónico ou abalarBox para almacenar información.. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna. Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Todas as actividades complementarias daráselles un dobre enfoque, tratando de perseguir en todas elas o benestar e a boa convivencia do centro. Consideramos que o alumnado debe ter un mínimo de vivencias ao longo de ambas etapas educativas, e por esta razón o alumnado debe vivir como mínimo estas experiencias educativas en cada unha das etapas.

Educación Infantil

- Baixo Miño
- Transporte:autobús.
- Saída cultural: Teatro, cine e musical

Primeiro ciclo

- Provincia de Pontevedra
- Transporte: Autobús

- Saída cultural: Teatro, cine e musical
- PreXogade: Deporte-temporada

Segundo ciclo:

- Pontevedra-Ourense. ata Viana.
- Transporte: Autobús e tren.
- Xogade.
- Saída cultural: Teatro, cine, museos e concertos.

Terceiro ciclo

- Galicia e ata OPorto.
- Transporte: Autobús, tren e barco.
- Institucións e museos (Parlamento galicia) • Pernocta.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que promocióne con materias con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzou o curso anterior. As medidas de reforzo educativo elaboraranlas o mestre ou mestra que impartan a materia na que o alumno ou alumna precise esa medida, co coñecemento do mestre tutor, e este debe informar a xefatura de estudos e a familia responsable do alumnado.

Poderase contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria, que actuará como apoio xeral ao conxunto da aula. As medidas aplicadas quedarán recollidas nos documentos oficiais de avaliación e ao final de cada curso, o mestre ou mestra, coordinado pola persoa titota, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo. Dita documentación deberá ser entregada a Dirección do centro ao finalizar o curso.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Segundo a Orde do 8 de setembro do 2021 regula no artigos 50. O alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, considérase unha medida de carácter excepcional polo que implicará realizar as medidas comúns suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe de dito alumnado para tomar dita decisión. Os plans específicos elaboraranlos o equipo docente, baixo a coordinación do mestre tutor e desenvolverase ao longo do curso.

O plan terá que incluír:

Identificación do alumno ou alumna.

Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.

Recursos precisos para o desenvolvemento do plan.

Oferta de medidas extraordinarias.

Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Os plans específicos de reforzo entregarase á Dirección ao finalizar o curso escolar.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

O decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria, nos seus artigos 20, 21 e 22 indica que:

- Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte

ciclo ou etapa. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II de dito Decreto e os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

- Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

- O profesorado directamente implicado na docencia do alumnado a avaliar realizará unha posta en común, valoración e avaliación integral dos procesos de desenvolvemento así como do ámbito de traballo, estudo, relación... Consideraranse os elementos favorecedores ou, no caso, que dificultan unha mellora notable no nivel de desenvolvemento da nena ou do neno. Do mesmo xeito os entornos de aula que acollan ao alumnado e os deseños metodolóxicos que propician evidencias notables ao profesorado e familias.

- Como xa se indicou, a repetición considerarase un recurso excepcional e como tal así se aplicará. Non estará condicionado ao criterio estritamente académico e teranse en conta outros factores e elementos expostos con anterioridade.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, no seu artigo 19.6 indica que:

- As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. 7. A titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.

A orde 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia no seu artigo 6.6 indica que:

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición

das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Empregaranse técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. A avaliación das competencias, a promoción do alumnado nos cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e todo o que incida no proceso educativo de cada alumno ou alumna acordarase de forma colexiada polo equipo docente, tomando en consideración a información e o criterio do profesor tutor.

Nas etapas de Educación Infantil e Primaria, en casos excepcionais, terase en conta a medida extraordinaria de flexibilización.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas serán elaboradas por cada especialista de cada materia ou área, serán coordinadas polo coordinador de equipo docente e farase un seguimento da mesma nas reunións de ciclo.

Os criterios mínimos de competencia lingüística acordados polo Claustro para adquirir os obxectivos lingüísticos en educación infantil e primaria do noso centro son os seguintes:

En Ed. Infantil:

- 4º Ed. Infantil: onomatopeias, sons da contorna, son-silencio, vogais. Aprender unha canción de memoria.
- 5º Ed. Infantil: discriminación auditiva e visual de vogais. Aprender de memoria unha poesía.
- 6º Ed. Infantil: discriminación auditiva e visual de consoantes longas: p, m, n, l, s, r, rr, d, t, b, f, t. Aprender de memoria un trabalinguas.

Ed. Primaria:

1º de Primaria: todas as letras, auditiva, visual e graficamente en maiúsculas e minúsculas. • Sílabas sen ditongos. • Sustantivos. • Oracións curtas (3 palabras).

2º Primaria: • Conciencia silábica e semántica. Uso da maiúscula e punto final. • Oracións de máis de 4 palabras. Enumeracións, sustantivos e verbos, pareados.

3º Primaria: • Sílaba tónica. Conciencia silábica de diptongos. • Descrición de persoas, lugares, obxectos. • Escribir unha carta. • Instrucións. • Sustantivos, adxectivos e verbos.

4º Primaria: • Acentuación. • Tipos de oracións. • Signos de puntuación: punto, coma, punto e seguido e punto final. • Facer un relato ou conto. • Sustantivos, verbos, adxectivos e determinantes. • Entonación lectora. • Tempos verbais: presente, pasado e futuro.

5º Primaria: • Acentuación de diptongos e hiatos. • Distinción de categorías gramaticais engadindo adverbios e pronomes.

6º Primaria: • Análise sintáctico completo. • Todos os xéneros literarios e en distintas persoas, de xeito formal e informal e en diferentes soportes. • Todos os tempos verbais • Rima asoante.

De xeito complementario estableceuse unha liña de traballo onde a vivenciación co corpo e acompañamento de articulemas serán os eixos vertebradores xunto coa docencia compartida.

O resto de áreas ou materias están concretadas nas programacións didácticas de cada curso.

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro participará, como mínimo, en tódolos plans, proxectos e programas que nos marca a lexislación vixente. Dos demais proxectos e/ou plans que ofrezca a Consellería ou calquera outra institución externa, haberá que realizar unha selección tendo en conta o tempo preciso de dedicación, o persoal preciso para coordinar e levalo a cabo así como a repercusión que terá no noso centro tanto para o alumnado, profesorado ou familias. O criterio principal será o a mellora da calidade educativa.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar. Axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo. Promoverase a reflexión sobre a concreción curricular nas xuntanzas periódicas dos distintos órganos de coordinación docente, así como nas sesións de avaliación a través dun cuestionario, levando as inquietudes ou aspectos relevantes á CCP, que será o órgano que establezca as directrices desa revisión, avaliación e modificación da concreción curricular que terá que aprobar o claustro.

o) Outros apartados

1. Datás de aprobación

Data de aprobación do Claustro: 27 de xaneiro do 2026